



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. José Pose Blanco  
D. José Angel Vázquez Barquero  
D. José Tojo Suárez  
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
D. José Barreiro Somoza  
D. Eusebio Corbacho Rosas  
D. Xulio Pardellas de Blas  
D. Andrés Ramón Trillo García  
D. Xosé Luís Legido Soto  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Allut Roig  
D. Alberto Alonso Costas  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira  
D. Enrique Barreiro Alonso  
D<sup>a</sup> Carmen Becerra Suárez  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D. Alfonso Cid Sabucedo  
D. Antón Fernández Alvarez  
D<sup>a</sup> Esperanza Fernández Gómez  
D. Joel Fernández Soto  
D. José M<sup>a</sup> Gil Villanueva  
D. José Antonio Gómez Barbeito  
D. Alejandro V. Gómez Soler  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carmo Henriques Salido  
D. Juan Janeiro Vilaboa  
D. José Mira Penedo  
D<sup>a</sup> Camino Noia Campos  
D. Xosé Luís Outes Ruso  
D. Angel Pereira Díaz  
D<sup>a</sup> Ana Belén Reboredo Fernández  
D. Francisco J. Rodríguez Berrcal  
D. Eduardo Rubiales Camino  
D. José A. Sampayo Fernández  
D. Horacio A. Villar Suárez

**DESCULPAN ASISTENCIA**

D. José M<sup>a</sup> Correa Otero  
D. Cándido Pérez Betanzos

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o dous de xullo de mil novecentos noventa e sete, ás 10.00 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 2 de xullo de 1997**, ás 10.50 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (27-05-97).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de Profesorado: a) Delegación do concurso de profesorado, curso 97/98, na Comisión de Docencia e Prazas BOE.
- 4º.- Asuntos de Ordenación Universitaria: Materias de libre elección curso 97/98.
- 5º.- Aprobación, se procede, de sinatura de convenio-marco co Concello de O Porriño (baseándose no acordo-marco aprobado pola Xunta de Goberno con data 22.12.95)
- 6º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, hai varias intervencións relativas á acta.

O profesor Cid Sabucedo pide que se incorpore o acordo da Xunta de Facultade de Humanidades de Ourense, no que se decidiu que materias optativas dispensaranse "sen custo", xa que non está de acordo coa asignación sen custo da materia "Programas de orientación profesional en educación secundaria"; no caso de que non se acadara dito acordo, que quede sen custo a materia que figuraba na documentación da Orde do día que era "Promoción do deseño afectivo, sexual e social".

Entrega o decano da Facultade de Humanidades de Ourense, D. Xosé Manuel Cid Fernández, o encargo de materias optativas (anexo I).

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez Peñalver Freire, indica que no anexo de materias optativas hai un erro na materia de "Orientación telemática" da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación, xa que a materia de "Base de datos" ten que desaparecer e poñerse no seu lugar "Ampliación de matemática discreta", de 4,5 créditos e da área de "Matemática aplicada".

D. Horacio A. Villar Suárez pide que se inclúa na acta a intervención do Sr. Rodríguez Ennes, na que lle indicou, no punto 1 "aprobación da acta anterior", que "retirase da súa intervención do punto 4 da orde do día sesión do 15.04.97 as súas palabras de que o Decano da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra prevaricou ó non cumprir dita Resolución Rectoral".

Apróbase a acta coas modificacións que se reflicten na definitiva.

No **punto 2**, Informe, o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez informou:

- das Xornadas de Portas abertas da Universidade de Vigo "Visión de Futuro", celebradas nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo;
- sobre a convocatoria de axudas ó fomento de I+D que sairá proximamente publicada no BOE; nestas axudas investiranse 5.000 millóns de ptas. para Galicia, un 70% procedentes de Fondos FEDER da Unión Europea e un 30% do Plan Nacional de Investigación; as solicitudes presentaranse para proxectos de investigación en colaboración con empresas.

O Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas informou do comezo da VIII edición dos Cursos de Verán; os Cursos dispensados serán 22, repartidos nos tres Campus e coa participación de máis de 1.500 alumnos.

Pola súa parte o Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza informou:

- da marcha dos convenios interinstitucionais asinados coa Xunta de Galicia, as Deputacións de Ourense e Pontevedra e os Concellos de Vigo e Ourense;
- do edificio de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra e á ampliación das Escolas Universitarias de Enxeñería Técnica Industrial e Empresariais no campus de Vigo, explicou que unha vez adxudicadas as obras se espera dean comezo no mes de xullo;
- do edificio que albergará a titulación de dereito no Campus de Ourense a Consellería xa supervisou o proxecto e deu o seu visto e prace; nestes intres a Universidade está á espera de que lle sexa concedida a licencia por parte do concello para sacar a concurso a obra inmediatamente;
- sobre o proxecto de construción do edificio de Dereito e a terceira fase do edificio de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus de Vigo, indica que a cantidade inicial fixada resulta insuficiente para executa-lo programas de necesidades, celebrándose unha xuntanza da Comisión de seguimento do convenio na que se decidiu que o arquitecto rematara o proxecto incluíndo o programa completo de necesidades, deste xeito a Universidade sacará a concurso a obra facéndose cargo da cantidade que exceda do proxecto inicial.

Presenta no **punto 3** o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas a proposta da delegación na Comisión de Docencia do concurso de profesorado para o curso 97/98.

Apróbase a delegación do concurso de profesorado, curso 97/98, na Comisión de Docencia.

No que se refire a saída a de prazas a BOE, apróbanse as seguintes:

T08	385	CAT-UN	Vigo	- - -
C03	060	TIT-UN	Vigo	San Juan Serrano, Fuencisla
C09	760	TIT-UN	Vigo	Rodríguez Arguelles, M <sup>a</sup> del Carmen
C10	815	TIT-UN	Vigo	Méndez Martínez, Gonzalo; modificando a docencia que queda: "Planificación e xestión do litoral do medio mariño".
H01	185	TIT-UN	Pontevedra	Alonso Romera, Sol
H01	260	TIT-UN	Pontevedra	Barcia Rodríguez, Ignacio
H01	260	TIT-UN	Pontevedra	Buxán Bran, Xosé Manuel
H01	260	TIT-UN	Pontevedra	Rueda López, Isabel
H02	567	TIT-UN	Vigo	Quilis Sanz, M <sup>a</sup> José
H02	567	TIT-UN	Vigo	Rifón Sánchez, Antonio
T06	500	TIT-UN	Pontevedra	- - -; prodúcese un votación: a favor: 16, en contra: 1; abstencións: 6.
T08	385	TIT-UN	Vigo	Vázquez Dorrio, José Benito

T10	595	TIT-UN	Vigo	Prieto Gómez, Cristina
X03	175	TIT-UN	Vigo	González Pillado, Esther
C02	240	TIT-EU	Ourense	García Queijeiro, José Manuel
C05	265	TIT-EU	Vigo	Iglesias Pérez, M <sup>a</sup> Carmen
X05	195	TIT-EU	Pontevedra	- - -
X07	230	TIT-EU	Vigo	- - -
X04	215	TIT-EU	Ourense	Pino Juste, Margarita Rosa
X07	230	TIT-EU	Vigo	- - -
X08	415	TIT-EU	Ourense	Vázquez Barquero, José A.
X11	775	TIT-EU	Vigo	Barahona Martín, Magdalena

No **punto 4**, o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire propón que se incorpore como materia optativa "Termotecnia" na E.U. de Enxeñaría Técnica Industrial; apróbase.

En relación coas materias de libre configuración, D. Horacio A. Villar Suárez pide que conste en acta que hai que buscar un sistema máis xusto para a elección por parte dos alumnos das materias de libre configuración.

A profesora Noia Campos fai constar que se debería reflexionar sobre a libre configuración e facer un debate na Xunta de Goberno.

O profesor Outes Ruso propón que o debate se centre nos Departamentos, nos Centros e na Comisión de Ordenación Académica.

Relativo á proposta de materias de libre elección o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire indica que hai unha proposta de modificación da materia "Introducción á orientación familiar" da Facultade de Humanidade de Ourense, xa que o Departamento propón "Introduccións aspectos de intervención e evolutivos da infancia en risco, desamparo ou conflito social".

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta da Comisión:	2 votos
-a favor da proposta do Departamento:	8 votos
-abstencións:	14

Apróbase a modificación quedando

Tamén hai petición de modificación da materia "Introducción á psicoloxía do desenvolvemento moral" na E.U. de Formación do Profesorado de EXB de Pontevedra, por "Introducción ó estudio dos procesos de envellecemento.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da modificación:	0 votos
-en contra:	5 votos
-abstencións:	18 votos

Queda a materia "Introducción á psicoloxía do deseño moral".

O Vicerrector de Ordenación Universitaria indica, que por erro, falta "Introducción á economía

do transporte" na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo.

Acéptase a súa inclusión.

O profesor Cid Sabucedo pide que se elimine "Introducción á problemática Social e Educativa na comunidade xorda".

Faise unha votación:  
 -a favor da eliminación: 8 votos  
 -en contra da eliminación: 3 votos  
 -abstencións: 11

Elimínase a dita materia.

O profesor Fernández Álvarez pide que se elimine "Introducción á psicoloxía do desenvolvemento moral (anexo II).

Faise unha votación:  
 -a favor da eliminación: 5 votos  
 -en contra: 3 votos  
 -abstencións: 11

Elimínase a materia.

O Vicerrector de Relacións Exteriores, Xulio Pardellas de Blas solicita que a materia "Introducción á integración europea" se desdobre en dous.

Faise a votación:  
 -a favor de desdobrar: 5 votos  
 -en contra: 10 votos  
 -abstencións: 6

Non se aproba o desdoblamento.

O profesor Araujo Nespereira solicita que se retire "Sismoloxía, vulcanismo e tectónica de placas".

Faise a votación:  
 -a favor da eliminación: 9 votos.  
 -en contra: 4 votos  
 -abstencións: 8

Apróbase a eliminación.

Faise a votación total das materias de libre elección, logo das modificacións:  
 -a favor: 18 votos  
 -en contra: 1 voto  
 -abstencións: 5

Apróbanse as materias de libre elección (anexo III).

Presenta voto particular en contra, D. Alejandro Gómez Soler; e absteñense na votación D. José

Angel Sampayo Fernández, D. José Mira Penedo e D<sup>a</sup> Ana Belén Reboredo Fernández.

Presenta o **punto 5** o Vicerrector de Relacións Exteriores, Xulio Pardellas de Blas.

Apróbase por asentimento a sinatura de convenio-marco co Concello de O Porriño, baseándose no acordo-marco aprobado pola Xunta de Goberno con data 22.12.95.

No **punto 6**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

**-D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.**

- 1) Denuncia que por parte do Equipo de Goberno non se respectan as áreas de coñecemento.
- 2) Pide que calquera petición que se faga á Xunta de Goberno se utilice un documento escrito con rexistro de saída.
- 3) Roga ó Vicerrector de Ordenación Universitaria que se permita face-las peticións dos proxectos fin de carreira e tesíñas en lingua galega e non obrigatoriamente en galego normativa.
- 4) Roga ó Vicerrector de Ordenación Universitaria que o Servicio de Publicacións modifique a súa normativa para permiti-la publicación de teses de doutoramento.
- 5) Pide ó Vicerrector de Profesorado a máxima obxectividade na Comisión de Docencia, xa que segundo lle consta estableceron grupos distintos nas materias de galego e español (*O Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas indica que a Comisión de Docencia sempre é obxectiva*).
- 6) Roga ó Vicerrector de Investigación que as axudas por viaxes ó estranxeiro se resolvan o máis axiña (*O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que as axudas para viaxes ó estranxeiro se resolven 3 veces ó ano*).

**-D. XOSÉ LUÍS OUTES RUSO.**

- 1) Pide que nas materias de libre elección se especifique con máis claridade os contidos dos descriptors, incluíndo as áreas que van dispensar dita materia.
- 2) Pide que os Centros sexan máis rigorosos na selección de materias optativas e de libre elección.

**-D. JUAN JANEIRO VILABOA.**

- 1) Pregunta pola devolución das taxas da tarxeta escolar, pedindo que se amplíe o prazo de devolución (*O Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que se vai estudar-lo tema*).
- 2) Pide que se vixíe o cumprimento dos horarios dos Centros.

**-D. JOSÉ ANGEL SAMPAYO FERNÁNDEZ.**

- 1) Pregunta de quen é responsabilidade a apertura e peche dos Centros e solicita que as Bibliotecas estean abertas máis tempo (*O Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que a apertura e peche dos Centros depende do Decano/Director e o horario do persoal do Xerente; respecto das Bibliotecas, para mantelas abertas precísase máis persoal e na actualidade estase estudando a reforma das mesmas de acordo co sistema informático*).
- 2) Pide que haxa uniformidade nos horarios e volve recordar que na Escola de EXB de Ourense as bandeiras atópanse mal colocadas.

**-D. ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER.**

- 1) Roga un maior control nos horarios de clase e nas titorías.
- 2) Roga que as Bibliotecas estean máis tempo abertas e que polo menos unha por Campus teña un horario o máis amplo posible.
- 3) Pregunta se a Universidade de Vigo está facendo un libro de titulados e en caso de que non se estea a facer, solicita que se faga.
- 4) Pide que no caso de facer este libro, se pase unha folla a cumprimentar polo alumnos para incluí-los datos no mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15.05 h. do día 2 de xullo de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto